

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

5817 *Real decreto 240/2019, do 5 de abril, polo que se modifica o Estatuto do Centro Español de Metroloxía, aprobado polo Real decreto 1342/2007, do 11 de outubro.*

O Centro Español de Metroloxía (CEM) é un organismo autónomo adscrito á Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Foi creado pola Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, de acordo co previsto na Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e é o máximo órgano técnico no eido da metroloxía en España. O seu estatuto foi aprobado polo Real decreto 1342/2007, do 11 de outubro.

As principais funcións do CEM son propor a definición das unidades legais de medida, conforme o Sistema internacional de unidades; a realización de experimentos físicos necesarios para materializar e conservar os padróns nacionais de medida; establecer e desenvolver as cadeas oficiais de calibración para dotar de rastrexabilidade metrolóxica as medidas que se realizan, entre outros, no ámbito industrial, científico, ambiental e da saúde; actuar como organismo de control metrolóxico; elaborar as disposicións normativas en materia de metroloxía; representar España ante as organizacións internacionais de metroloxía; a investigación e o desenvolvemento en materia metrolóxica e a formación de especialistas en metroloxía.

Desde a aprobación do Estatuto do CEM no ano 2007 tiveron lugar numerosas modificacións normativas de carácter xeral, como a entrada en vigor das leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou de carácter específico no ámbito metrolóxico, como a aprobación da Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, cuxo obxecto é o establecemento e a aplicación do Sistema legal de unidades de medida, así como a fixación dos principios e das normas xerais a que se deben axustar a organización e o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España.

Ademais, a Unión Europea publicou a Directiva 2014/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre a harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización de instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático (refundición), e a Directiva 2014/32/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre a harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización de instrumentos de medida (refundición), que se introduciron no noso ordenamento xurídico mediante o Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía.

A estes cambios regulatorios cómpre engadir a necesaria orientación da metroloxía nacional cara á estrutura de investigación, desenvolvemento e innovación, desenvolvida pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, para afrontar os retos estratéxicos nacionais nesta materia de cara ao ano 2020.

Todos estes importantes cambios regulatorios e de enfoque fan necesario levar a cabo unha modificación do Estatuto do Centro Español de Metroloxía para adaptalo ás novas previsións contidas nas normas citadas; tal é o obxecto deste real decreto.

Entre as principais novidades que se inclúen no Estatuto do Centro Español de Metroloxía, que xustifican a súa modificación, destacan as seguintes:

En primeiro lugar, o Centro Español de Metroloxía reduce o número de membros do seu consello reitor desde os actuais vinte a un máximo de nove en aplicación do establecido na disposición derradeira terceira do Real decreto 451/2012, do 5 de marzo,

polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.

En segundo lugar, lévanse a cabo outras modificacións relativas ás funcións do Centro Español de Metroloxía, adáptase o nomeamento do director do CEM ao artigo 100 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que prevé que o «nomeamento dos titulares dos órganos dos organismos autónomos se rexerá polas normas aplicables á Administración xeral do Estado»; á estrutura das divisións que o forman; ao persoal investigador, e atribúenselle novos recursos económicos, como poden ser os recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades e instalacións.

Por último, atribúeselle a condición de medio propio ao CEM, en cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 86 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, en canto que esta persegue un interese xeral ao contribuír á mellor prestación de servizos do Centro Español de Metroloxía á sociedade e á mellora dos seus resultados, cumpre estritamente o mandato establecido no artigo 129 da citada lei, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Política Territorial e Función Pública, da ministra de Facenda e da ministra de Industria, Comercio e Turismo, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto do Centro Español de Metroloxía, aprobado polo Real decreto 1342/2007, do 11 de outubro.*

O Estatuto do Centro Español de Metroloxía, aprobado polo Real decreto 1342/2007, do 11 de outubro, queda modificado como segue:

Un. Modifícanse o título e os números 1, 3 e 4 do artigo 1, coa seguinte redacción:

«Artigo 1. *Natureza xurídica, adscrición e denominación.*

1. O Centro Español de Metroloxía, conforme o establecido no artigo 60 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, é un organismo autónomo dos previstos no artigo 98 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrito organicamente ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, en virtude do establecido no artigo 6.6 do Real decreto 998/2018, do 3 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

3. Corresponden ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, a dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da súa actividade, así como tamén o control de eficacia, que se realizará a través da Inspección de servizos departamental, de acordo co establecido no artigo 85.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo do control establecido ao respecto pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

4. A denominación do organismo é Centro Español de Metroloxía, O.A., M.P.»

Dous. O artigo 2 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 2. *Réxime xurídico.*

O Centro Español de Metroloxía réxese polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; no artigo 100 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, no que non se opoña ás citadas leis; na Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía; na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; por este estatuto e polas demais disposicións aplicables aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.»

Tres. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Fins.*

De acordo co disposto no artigo 100.3 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, e no artigo 17 da Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, o Centro Español de Metroloxía ten como fins:

- a) A custodia e conservación dos padróns nacionais de medida.
- b) O establecemento e desenvolvemento das cadeas oficiais de calibración.
- c) O exercicio das funcións da Administración xeral do Estado no control metrolóxico do Estado.
- d) O mantemento do Rexistro de Control Metrolóxico.
- e) A execución de proxectos de investigación e desenvolvemento en materia metrolóxica.
- f) A formación de especialistas en metroloxía.
- g) O impulso do desenvolvemento do Sistema metrolóxico nacional.»

Catro. O artigo 4 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 4. *Funcións.*

1. Para o cumprimento dos fins enumerados no artigo anterior, e no mesmo ámbito que lles corresponde, o Centro Español de Metroloxía exerce as seguintes funcións:

- a) Obtención, realización, definición e conservación dos padróns nacionais das unidades de medida.
- b) Designación de laboratorios asociados ao Centro Español de Metroloxía e depositarios de padróns nacionais.
- c) Designación de laboratorios colaboradores que, sen seren depositarios de padróns nacionais, desenvolvan actividades metrolóxicas en magnitudes ou rangos de medida determinados que requiren de instalacións de deseño e especificacións singulares.
- d) Cumprimento dos requisitos establecidos no Acordo de recoñecemento mutuo subscrito polos institutos nacionais de metroloxía pertencentes á Convención do metro.
- e) Celebración de convenios de colaboración e cooperación en metroloxía con entidades públicas e privadas exercendo a dirección e coordinación dos traballos correspondentes.
- f) Establecemento e coordinación das cadeas oficiais de calibración.
- g) Prestación de servizos de calibración, ensaio e asesoramento aos usuarios da metroloxía.
- h) Estudo e preparación dos anteprojectos de disposicións legais en materia metrolóxica.

- i) Xestión e mantemento do Rexistro de Control Metrolóxico.
- j) Redacción das directrices técnicas e de coordinación en metroloxía legal.
- k) Realización dos ensaios correspondentes ás distintas fases de control metrolóxico.
 - l) Actuación como Secretaría Técnica do Consello Superior de Metroloxía.
 - m) Actuación como organismo notificado, de control metrolóxico e autorizado de verificación metrolóxica a que se refire o artigo 19 da Lei 32/2014, de metroloxía.
 - n) Exercicio das funcións da Administración xeral do Estado no control metrolóxico do Estado.
 - o) Realización de proxectos de investigación e desenvolvemento para a realización de novos padróns nacionais e materiais de referencia.
 - p) Difusión e transferencia de tecnoloxía.
 - q) Formación de especialistas en metroloxía, impartición de cursos, seminarios e xornadas polo propio CEM ou en colaboración con universidades, outras administracións públicas e outros organismos e empresas.
 - r) Representación de España nas organizacións internacionais de metroloxía, sen prexuízo das competencias que corresponden ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.
 - s) Elaboración e publicación de manuais, procedementos, guías relativas a instrumentos de medida e outras publicacións sobre metroloxía.
 - t) Promoción da metroloxía como ferramenta fundamental da infraestrutura da calidade.
 - u) Desempeño das responsabilidades asumidas cos organismos de normalización e certificación e entidades de acreditación como axentes da infraestrutura da calidade industrial.
 - v) Xestión da Oficina de Atención ao Cidadán e mantemento da Carta de servizos do organismo.
 - w) Ditado de laudos arbitrais en casos litixiosos, cando oficialmente sexa requirido para iso.
 - x) Realización, por petición das autoridades en materia de tráfico e seguridade viaria, de ensaios voluntarios de equipamentos que, mesmo fóra do ámbito do control metrolóxico, estean relacionados con equipamentos, sistemas ou partes destes que si o estean, tales como os de captación e reprodución de imaxes.
 - y) Calquera outra actividade que redunde en beneficio dos seus fins.

2. O Centro Español de Metroloxía, conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 32/2014, é o organismo de cooperación administrativa en materia metrolóxica para o intercambio de información cos organismos homólogos designados para tal efecto polo resto dos Estados membros da Unión Europea e coa Comisión Europea, así como coas administracións públicas competentes en relación cos procedementos de avaliación da conformidade e a vixilancia do mercado dos instrumentos sometidos a control metrolóxico do Estado.»

Cinco. O número 1 do artigo 6 queda redactado do modo seguinte:

«1. A Presidencia do organismo exercea o titular da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.»

Seis. Os números 1 e 3 do artigo 7 quedan redactados do modo seguinte:

«1. Os actos e as resolucións do presidente, ditados no exercicio das potestades administrativas que ten atribuídas, poñen fin á vía administrativa. Contra tales actos e resolucións caberá interpoñer recurso ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Os procedementos de responsabilidade patrimonial resolveranse de acordo co establecido no artigo 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Sete. Modifícase o número 4 do artigo 8 e introdúcese un novo número 5 como segue:

«4. O Consello Reitor estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: o presidente do CEM.

Vicepresidente: o director do CEM.

Vogais:

a) Un representante, con nivel de subdirector xeral ou asimilado, designado pola subsecretaría do departamento correspondente, de cada un dos ministerios de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, Facenda, Fomento e Política Territorial e Función Pública.

b) O avogado do Estado xefe da Asesoría Xurídica do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

c) Dúas persoas nomeadas pola persoa titular da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, unha delas de recoñecido prestixio no ámbito da acreditación, normalización e calidade industrial e a outra entre membros de recoñecido prestixio na comunidade científica metrolóxica.

5. Actuará como secretario do Consello Reitor, con voz pero sen voto, o secretario xeral do CEM, que non terá a condición de membro do Consello.»

Oito. O número 1 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«1. O director do Centro Español de Metroloxía, que terá categoría de subdirector xeral, será nomeado e cesará por orde do ministro de Industria, Comercio e Turismo, por proposta da persoa titular da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, entre funcionarios de carreira de corpos ou escalas do subgrupo A1, nos termos previstos no artigo 67 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.»

Nove. O artigo 12 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 12. *Outros órganos.*

1. Como órganos responsables dependentes do director, e coas competencias que se lles asignan, existirán as seguintes unidades:

a) División de Magnitudes Mecánicas e Enxeñaría.

b) División de Magnitudes Enerxéticas, Ambiente e Saúde.

c) Secretaría Xeral.

2. Corresponde á División de Magnitudes Mecánicas e Enxeñaría, baixo a supervisión do director, o exercicio das funcións atribuídas ao Centro Español de Metroloxía no artigo 4, nas áreas de lonxitude e enxeñaría de precisión, masa, magnitudes mecánicas e medidas dinámicas, así como a asistencia ao director nas funcións propias deste.

3. Corresponde á División de Magnitudes Enerxéticas, Ambiente e Saúde, baixo a supervisión do director, o exercicio das funcións atribuídas ao Centro Español de Metroloxía no artigo 4, nas áreas de termodinámica e ambiente, electricidade e enerxía, química e saúde, así como a asistencia ao director nas funcións propias deste.

4. Corresponden á Secretaría Xeral, baixo a supervisión do director, as funcións seguintes:

a) A xestión orzamentaria dos ingresos e gastos, a realización dos cobramentos e pagamentos, a xestión da tesouraría, a tramitación dos expedientes de contratación, así como a xestión patrimonial do CEM.

b) A xestión de recursos humanos, o réxime interior, asuntos xerais e a planificación e execución da política de prevención de riscos laborais.

c) A xestión e dotación de medios informáticos, ademais da análise, deseño, impulso, mantemento e xestión das ferramentas informáticas necesarias para o desenvolvemento dos procesos necesarios propios das funcións do Centro Español de Metroloxía.

d) A xestión dos asuntos horizontais que non se correspondan con competencias especificamente atribuídas a outras unidades do Centro Español de Metroloxía.

5. Os titulares dos órganos a que se refire este artigo serán nomeados e cesarán do seu cargo de acordo co nivel do posto, na forma establecida para os funcionarios da Administración xeral do Estado e de acordo coa correspondente relación de postos de traballo.»

Dez. O artigo 15 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 15. *Persoal investigador.*

1. O Centro Español de Metroloxía poderá, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, contratar en réxime laboral persoal investigador para a realización de programas de investigación, nos termos previstos na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

2. O persoal investigador do Centro Español de Metroloxía terá dereito a participar nos beneficios que obteñan as entidades para as cales presta servizos, como consecuencia da eventual explotación dos resultados da actividade de investigación, desenvolvemento ou innovación en que participase. A dita participación non terá en ningún caso a consideración de retribución ou salario para o persoal investigador.

3. O persoal investigador do Centro Español de Metroloxía estará suxeito aos deberes do persoal investigador recollidos no artigo 15 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a Innovación, sen prexuízo dos deberes establecidos polo texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como dos restantes que resulten de aplicación ao persoal das administración públicas.»

Once. O artigo 16 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 16. *Recursos económicos.*

1. Os bens e medios económicos do Centro Español de Metroloxía serán os seguintes:

a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.

b) Os produtos e rendas do dito patrimonio.

c) As consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado.

d) As transferencias correntes ou de capital procedentes das administracións ou entidades públicas.

e) Os ingresos propios que perciba como contraprestación polas actividades que poida realizar, en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais, para outras entidades, públicas ou privadas ou persoas físicas.

f) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades e instalacións.

g) As taxas que recade en realización das súas funcións.

h) As doazóns, herdanzas e legados e outras achegas de entidades públicas ou privadas e de particulares.

i) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizado a percibir.

j) Calquera outro recurso que lle poida ser atribuído.

2. Son ingresos de dereito privado aqueles que o Centro Español de Metroloxía perciba pola prestación de servizos ou pola realización de actividades que lle son propias en réxime de dereito privado.»

Doce. O artigo 19 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 19. *Réxime de contratación.*

1. De acordo co previsto no artigo 99 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o réxime de contratación do organismo autónomo Centro Español de Metroloxía será o establecido na lexislación aplicable aos contratos celebrados polo sector público.

2. O Centro Español de Metroloxía ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público, e poderáselle encargar a realización de traballos e tarefas incardinados no ámbito das súas competencias.

3. Os encargos, que serán de execución obrigatoria para o Centro Español de Metroloxía, estarán definidos, segundo os casos, en proxectos, memorias ou outros documentos técnicos e serán valorados conforme as tarifas ou retribucións definidas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. As ditas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos de realización.

Antes de formular o encargo, os órganos competentes aprobarán os ditos documentos e realizarán os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto. O encargo de cada actuación obrigatoria será comunicado formalmente polo órgano encomendante e faranse constar, ademais dos antecedentes que procedan, a súa denominación, o prazo de realización, o seu importe, a partida orzamentaria correspondente e, de ser o caso, as anualidades en que se financie coas súas respectivas contías, así como o director designado para a actuación que se vai realizar. Tamén lle será facilitado o documento en que se defina a dita actuación, co seu orzamento detallado.

A comunicación en que se lle encargue unha actuación ao Centro Español de Metroloxía suporá a orde para iniciala. O Centro Español de Metroloxía realizará as súas actuacións conforme o documento de definición que o órgano ordenante lle facilite e seguindo as indicacións do director designado para cada actuación.

Unha vez finalizada a actuación, realizaranse o seu recoñecemento e comprobación nos termos legalmente establecidos, expedirase o documento correspondente e procederase á súa liquidación no prazo dos seis meses seguintes.

4. O Centro Español de Metroloxía, dada a súa condición de medio propio da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público, non poderá participar en licitacións públicas convocadas por estes, sen prexuízo de que, cando non concorra ningún licitador, se lle poida encargar a prestación obxecto delas.

5. O Centro Español de Metroloxía poderá requirir nas súas actuacións obrigatorias a colaboración de empresarios particulares nos termos previstos na normativa aplicable á contratación do sector público, sen que o importe da dita colaboración poida ser igual ou superior ao 50 por cento do importe total do proxecto, subministración ou servizo encomendado.

6. En todo o non previsto neste artigo e no non regulado expresamente nos encargos aplicarase, analoxicamente, o disposto na normativa de contratación do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que xurdan con relación ás incidencias de carácter técnico que se susciten na execución dos encargos

realizados polo Centro Español de Metroloxía. En ningún caso serán de aplicación aqueles aspectos que, pola súa natureza, sexan incompatibles co carácter instrumental da relación.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de abril de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO